



## Concello de Monterroso

### ENTROIDO 2025 – BASES DO CONCURSO

O Concello de Monterroso, convoca o Concurso ENTROIDO FULICHEIRO, para o MARTES 4 DE MARZO DE 2025 se rexerá polas seguintes bases:

- Os participantes poderanse inscribir no Espazo Cultural Lorenzo Varela, ata o venres 28 DE FEBREIRO ou no punto de saída do desfile na Rúa Camiño Real (xunto ó Lavadoiro da Ulloa) dende ás 16:30. A saída do desfile será ás 17:30 h.
- Ao facer a inscrición terán que dar o título da comparsa, nome do representante no xurado (sempre maior de idade), nº DNI, data de nacemento e número de conta para que, en caso de que sexan premiados, se lles poida pagar o máis rápido posible, e xa se lles fará entrega do número de participación. (ALGÚNS PREMIOS ESTÁN SUJETOS A RETENCIÓN DE IRPF)
- Establécense as seguintes categorías e premios:

#### Categorías

Comparsas.- formados por 5 ou máis integrantes

Individuais e/ou Grupos.- formados por entre 1 e 4 integrantes

Premio o mellor fulicheiro

PREMIOS:	1º PREMIO	2º PREMIO	3º, 4º 5º
COMPARSAS (5 ou máis participantes)	700´00	300´00	100´00
INDIVIDUAIS E GRUPOS	250´00	150´00	50´00
MELLOR FULICHEIRO	100´00		

- Os participantes deberán formar parte do desfile e no Auditorio Municipal realizarán unha parodia.
- Todos os vehículos, e condutores que participen no desfile, deberán cumprir coa normativa vixente en materia de permisos e seguros.
- Todos participarán pola súa propia conta e risco, O Concello de Monterroso non responderá por ningún dano, prexuízo ou accidente que os participantes e os seus vehículos puidesen ter ou ocasionarlles a terceiros dentro do desfile
- Non se permite a participación no desfile/concurso con animais
- O concurso será fallado por un representante maior de idade de cada comparsa, que non poderá votar polo seu equipo. Tamén haberá un secretario, persoal do Concello, sen voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases e elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros.  
O Xurado contará con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo os criterios fixados nas bases. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

9. O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, creatividade, orixinalidade, espontaneidade.
10. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa.
11. A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases, correspondéndolle á Concellaría de Cultura a interpretación das mesmas se fose preciso.  
As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados no Facebook e web municipais.
12. Os premiados daranse a coñecer ó remate do Concurso de Disfraces sobre as 20:30 h., dependendo da duración das parodias e número de participantes. O pagamento dos premios faráselle ás persoas ou entidades que figuran na ficha de inscrición do concurso, mediante transferencia bancaria ó número de conta deberá indicarse obrigatoriamente na ficha de inscrición, nos días seguintes ao concurso
13. O Concello de Monterroso informa que durante o evento serán captadas imaxes que serán utilizadas exclusivamente como medio de divulgación e promoción do Entroido. Os participantes, mediante a inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías e/ou vídeos que se realizarán durante a celebración deste evento.
14. O Concello de Monterroso resérvase o dereito a pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo pola existencia de circunstancias que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade
15. No caso de que as condicións climatolóxicas impidan o desenvolvemento da actividade no exterior, respectaranse os horarios, pero se desprazará todo á Cúpula.